

Resultados do primeiro semestre do exercicio 2021

EROSKI ELEVA O SEU BENEFICIO OPERATIVO A 105,9 MILLÓNS

- **O grupo pechou a primeira metade do exercicio cun resultado positivo de 42 M€**
- **O seu beneficio operativo no primeiro semestre mellora un 63% con respecto aos niveis prepandemia**
- **As vendas do dominio alimentario do grupo medraron un 2,4% en comparación co mesmo período do 2019 (pre-COVID)**
- **A cooperativa matriz, EROSKI S.Coop., aumentou as súas vendas un 5,4% con respecto ao 2019**

Elorrio, 1 de outubro do 2021.- O grupo [EROSKI](#) pechou as contas do primeiro semestre do presente exercicio, a 31 de xullo do 2021, cun resultado positivo de 42 millóns de euros, fronte aos 48 millóns da primeira parte do exercicio 2020, que estivo particularmente marcado pola COVID-19.

No seu conxunto, o grupo alcanzou unha cifra de negocio de 2.248 millóns de euros durante a primeira metade do exercicio, igualando a cifra de vendas do exercicio 2019 malia ao descenso de actividade dos negocios de viaxes e gasoleiras. Destaca a evolución do dominio alimentario –sen gasoleiras– que, cunha facturación de 2.113 millóns de euros, presenta unha mellora do 2,4% con respecto ao mesmo período do 2019.

O beneficio operativo corrente, indicador da evolución do negocio, rexistrou un resultado de 105,9 millóns de euros no primeiro semestre. Supón unha mellora do 63% con respecto a niveis prepandemia.

“A evolución das vendas do primeiro semestre reflicte o efecto que tivo a pandemia nun maior consumo de alimentación no fogar, aínda que a tendencia deste efecto é decrecente. Os resultados plasman esta situación e, aínda que naturalmente se sitúan por baixo dos do mesmo período do 2020, superan notablemente os do 2019 por mor das medidas que se foron adoptando estes dous anos, que redundan nunha rede máis eficiente e nunhas tendas máis atractivas”, explicou o presidente de EROSKI, Agustín Markaide.

Durante a primeira parte do ano, o grupo EROSKI investiu 48,8 millóns de euros, destinados principalmente á remodelación de 91 supermercados e á apertura de 32

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel.: 944 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel.: 944 158 642

Sala de prensa online



novas tendas, 5 supermercados propios, e 27 establecementos franquidados. Ademais, contabilízase como un importante fito operativo deste primeiro semestre do 2021 a inauguración da plataforma de produto fresco de Júndiz (Vitoria-Gasteiz), que supuxo a culminación do redeseño do seu mapa de plataformas de frescos da zona norte.

Ademais, o grupo tamén amortizou 75 millóns de euros de débeda financeira durante os primeiros seis meses do exercicio, sen contar coas amortizacións de créditos posteriores ao peche semestral realizadas tras a incorporación dos novos socios investidores para a sociedade Supratuc o pasado setembro.

EROSKI S. COOP. eleva a súa cifra de negocio

Pola súa banda, a matriz cooperativa EROSKI S. COOP. pechou o primeiro semestre do exercicio cun beneficio de 22,1 millóns de euros. A cifra de vendas alcanzou os 908 millóns de euros, o que supón un incremento do 5,4% con respecto ao primeiro semestre do exercicio 2019.

Grupo EROSKI

EROSKI é o primeiro grupo de distribución de carácter cooperativo de España e un dos líderes do norte do mercado español (Galicia, País Vasco, Navarra, Cataluña e Baleares). A súa rede comercial elévase a 1.624 establecementos, entre supermercados, hipermercados e cash&carry, amais de gasolineiras, ópticas, oficinas de viaxes e tendas de equipamento deportivo e do seu supermercado en liña. Ademais, conta tamén con máis de 6 millóns de Socios Clientes e con máis de 33.000 socios cooperativistas, traballadores e franquidados.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel.: 944 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel.: 944 158 642

Sala de prensa *online*